



Equipo de Titularidad
ORDEN DE LA COMPAÑÍA DE MARÍA N.S.
Provincia de España



#CORPASION #ApasionateConCorazon

**BASES DO CONCURSO
"CORPAIXÓN"
III Concurso Provincial "Temos un obxectivo común"**

**CENTROS ESCOLARES COMPAÑÍA DE MARÍA
Provincia de España
Curso académico 2020-21**

Información Xeral

A comisión do Lema Común, xunto co Equipo de Titularidade, convoca o **III Concurso Provincial "Temos un obxectivo común"**. Este concurso forma parte do conxunto de actividades relacionadas co Obxectivo Xeral que se impulsan nos centros educativos Compañía de María da Provincia de España.

Para o curso 2020-21 propónse aos colexios Compañía de María de España que motiven a participación a este concurso que profundiza no **valor da COMPAIXÓN e/ou a EMPATÍA.**

1. Convocatoria

O **III Concurso "Temos un obxectivo común"** queda convocado no CPR Plurilingüe Santa Juana de Lestonnac (Ferrol) a partir da última semana de novembro de 2020.

O prazo límite para presentar os traballos **rematará o luns 18 de xaneiro de 2021.**

2. Destinatarios e condicións de participación

2.1 Invitamos a participar nesta terceira edición a todos os alumnos e alumnas desde **3º de Primaria ata 4º de ESO** do noso colexio.

2.2 A participación será **INDIVIDUAL.**

2.3 O alumnado participante presentárase a unha destas categorías correspondentes á súa idade (nomeado posteriormente).

2.4 O Persoal Docente e PAS poderá presentarse na categoría que o concurso establece para eles.

2.5 Cada participante poderá presentar **un máximo de 1 obra** dalgún destes tres estilos:

a) FOTOGRAFÍA

b) PINTURA

c) ESCULTURA

3. Obxectivo do concurso

Crear unha obra artística (fotografía, pintura ou escultura) inspirada na testemuña ou vida dunha **MULLER APAIXONADA POLA VIDA.**

Existen e existiron ao longo da historia moitas mulleres que puxeron o seu corazón en transformar o mundo que as rodeaba para melloralo. A partires da súa historia persoal pretendemos que chegedes a plasmar nunha obra artística o que todo isto vos fai sentir.

Os vosos titores e/ou profesores axudaranvos a coñecer a historia e vida dalgunhas destas mulleres dende calquera materia e que vos valerá para poder plasmar o que vos fixeron sentir na vosa obra artística que crearedes no voso fogar. Así mesmo, os profesores de Plástica guiaránvos na realización da vosa obra aportándoos diferentes técnicas e e consellos para perfeccionar a vosa obra.

Alguns exemplos (*primeiro recomendamos que investiguedes sobre a súa vida*) son:



4. Categorías:

4.1 Categoría: alumnado

Os participantes poden optar a concursar nunha destas categorías, segundo o curso ao que pertencen.

- Categoría A: 3º e 4º de Primaria
- Categoría B: 5º e 6º de Primaria
- Categoría C: 1º a 3º de ESO
- Categoría D: 4º de ESO

4.2 **Categoría: persoal docente e de administración e servizos** que estean en activo no curso 2020-2021. Corresponde á **Categoría E.**

5. Características e formato de presentación

5.1 As obras plasmaranse en fotografía, pintura ou escultura.

5.2 Os participantes poderán elixir técnica e materiais libres para elaborar as súas obras.

5.3 Cada artista deberá enviar **1** só documento Word con estas tres partes (as vosas familias ou titores poden axudarvos a cubrir o "Anexo Concurso" que haberá que presentar):

a.- Ficha do autor/a da obra.

b.- Ficha técnica.

c.- Documentación gráfica: no caso dos primeiros estilos (fotografía e pintura) tratarase dunha soa fotografía da obra, e no caso da escultura, entregaranse entre 2 e 4 fotografías que permitan valorar a totalidade da obra.

Esta ficha poderá ser escrita en galego ou en castelán

A documentación gráfica ten que ser de boa calidade, para asegurar que o xurado poda valorar axeitadamente cada un dos traballos artísticos.

5.4 Non está permitido presentar ao concurso obras con contido irrespectuoso. O xurado ten o dereito de decidir se os traballos artísticos presentados se axustan ás temáticas e ao espírito proposto.

5.5 Non se admitirán obras que teñan contidos publicitarios, contidos que non respecten os dereitos de Copyright, nin aqueles nos que se vulneren dereitos de propiedade intelectual, salvo que estean autorizados para iso.

5.6 As obras deberán ser inéditas, incluída a súa publicación en Internet. No poderán ser presentadas en ningún outro concurso.

5.7 Posteriormente á resolución do concurso as obras poderán ser publicadas nas diferentes redes sociais e páxinas web vinculadas á Compañía de María. Así mesmo, os orixinais poderían ser solicitados para algún tipo de exposición.

6. Fases do concurso

6.1 A presentación dos traballos debe realizarse como máximo ata o 18 de xaneiro de 2021.

No nome do arquivo debe explicitar claramente a CATEGORÍA, O ESTILO, O NOME DO PARTICIPANTE E O CENTRO (POÑER NOME CIDADE):

Exemplo: *CATEGORÍA B_fotografía_Ángel Pérez_Caranza Ferrol*

6.2 Os titores de Primaria axudarán aos alumnos-as participantes a cubrir o arquivo WORD.

6.3 Cada arquivo enviarase á seguinte dirección de correo electrónico:

crodriguez@lestonnacferrol.com

6.2 Cada centro pode mandar un máximo de **20 obras** no total das categorías para o alumnado. Para a categoría de persoal docente e PAS non hai límite.

7. Xurado

7.1 Inicialmente, os traballos presentados pasarán unha selección das mellores 20 obras que votarán o Equipo de Pastoral e os profesores de Plástica do noso centro.

7.2 As persoas que dictaminarán o gañador ou gañadora e finalista de cada categoría serán, apoiados nun equipo de expertos, a Comisión do Lema 20-21 xunto ao Equipo de Titularidade da Provincia de España (se algún destes membros presentase unha obra automaticamente deixaría de ser membro do xurado na Categoría E).

8. Premios

8.1 Os Premios otorgaranse durante o mes de maio de 2021.

8.2 A resolución do xurado será definir o gañador ou gañadora e finalista de cada categoría. Os gañadores de cada unha das categorías e de cada un dos estilos, recibirán de premio un lote de material escolar valorado en 30 € por participante gañador e estilo.

8.3 Todos os colexios e participantes que opten ao premio recibirán un diploma de agradecemento pola súa participación.

8.4 Tanto gañadores como finalistas das categorías do alumnado tamén recibirán un premio académico, se así o establece o claustro do centro.

Poderase aumentar un punto na terceira Avaliación nas materias que traballaran e consten no punto 5.3 destas bases. Ditos premios académicos só se adxudicarán cando os profesores correspondentes xuzguen positivamente a actitude e o esforzo diario en clase do alumno/a.

8.5 Criterios valorados polo xurado:

- Responder ao obxectivo do concurso, sendo a obra necesariamente relacionada coa testemuña dunha muller e co valor da compaixón e/ou a empatía.
- Creatividade.
- Calidade artística da obra.
- Cumprir todas as bases deste concurso (especialmente o envío axeitado de todo o solicitado). Non cumprir este punto é motivo de eliminación directa.

9. Aceptación das bases

9.1 Os participantes aceptan expresamente cumprir todas e cada unha das bases do presente concurso.

9.2 O incumprimento dalgunha das bases dará lugar á exclusión dos participantes do presente concurso.

9.3 En caso de existir dúbidas ou discrepancias na interpretación dalgunha das bases, a Comisión do Lema 20-21 e o Equipo de Titularidade realizarán unha interpretación atendendo ao espírito e finalidade para o cal se creou o presente concurso.

